

A CIG-Ensino distribúe entre o profesorado a campaña «Eu ensino en galego» para reverter nas aulas os efectos de 15 anos de «De(s)creto para a nosa lingua»

O sindicato apela directamente ao colectivo docente para que se converta en axente activo de normalización entre alumnado e familias á vez que defende a galeguización do ensino como elemento chave para recuperar falantes e o prestixio da nosa lingua.



A campaña ten unha dobre vertente. Por un lado de denuncia dos efectos das políticas lingüísticas e nomeadamente do Decreto de Plurilingüismo do ano 2010 que levaron a que por primeira vez na historia o galego non sexa o idioma máis falado en Galiza e a datos alarmantes de perda de uso entre a poboación máis nova. E, por outro, unha campaña en positivo con material divulgativo (chapas, colantes, calendarios, imaxes dixitais, guía para a actualización do proxecto lingüístico de centro...) para visibilizar o compromiso docente e darlle a volta á situación de «emerxencia lingüística».

Este comezo de curso estivo marcado pola resposta contundente do profesorado galego contra a propaganda e os recortes da Consellaría de Educación, mais tamén por unha campaña que a CIG-Ensino despregou polos centros de ensino baixo o lema «Eu ensino en galego». Nela interpela directamente ao profesorado a que **visibilice en primeira persoa que emprega o galego** no seu traballo diario co obxectivo de que tome consciencia do seu papel como modelo educativo e social no ámbito lingüístico, fundamentalmente entre o alumnado e as familias coas que ten

«[A campaña] interpela directamente ao profesorado a que visibilice en primeira persoa que emprega o galego no seu traballo diario co obxectivo de que tome consciencia do seu papel como modelo educativo e social no ámbito lingüístico»

contacto. Á vez xógase co dobre significado da **defensa dun Ensino en galego como única saída ante os datos cada vez máis alarmantes de perda de uso e de competencia na nosa lingua** precisamente entre a poboación que remata a escolarización obrigatoria.

O material que compón esta campaña está formado por **chapas e colantes, calendarios de mesa e de peto, imaxes virtuais para as redes sociais e unha Guía para a posta ao día do Proxecto Lingüístico de Centro (PLC)**, en formato físico e dixital,

descargábel desde a páxina web da CIG-Ensino. Está previsto que se sumen novos materiais ao longo do curso elaborados por docentes especialistas en sociolingüística con propostas normalizadoras específicas para as distintas etapas educativas.

Os obxectivos desta campaña foron presentados esta mañá en Compostela, nunha comparecencia ante os medios de comunicación, pola secretaria nacional da CIG-Ensino, **Laura Arroxó**, pola responsábel de Formación, **Ana Rodiño**, e pola docente de Lingua, **Sofía Rama**, autora da *Guía de actualización do PLC*, que ten á súa vez dúas versións, unha máis reducida para dar a coñecer en que consiste este plan, que deben renovar todos os centros cada catro anos, e outra máis longa coa que se pretende axudar na súa elaboración de forma rigorosa, baixo a coordinación da persoa responsábel de dinamización e normalización lingüística, para que durante o tempo de vixencia poida ser aplicado tanto na actividade académica como na extra académica.

Os datos que se derivan de «Dez anos de De(s)creto»

Na súa intervención Laura Arroxó explicou que aínda que a filosofía da campaña é achegar unha visión en positivo e posibilista «porque cremos firmemente que é posíbel reverter a situación de emerxencia lingüística actual e que isto pasa ineludiblemente por unha aposta real polo galego no sistema educativo, non é menos certo que somos conscientes da situación dramática na que nos atopamos. Lanzamos esta campaña» –indicou– «para combater a política lingüística da Consellaría de Educación que segue sen derrogar o Decreto do Plurilingüismo, que é o principal, aínda que non único, responsábel de que unha xeración enteira de persoas mozas nos últimos 15 anos saia do sistema educativo sen dominar a nosa lingua. Somos conscientes de que algunha desas persoas estase incorporando nestes momentos ao ensino como profesorado e, polo tanto, hai que pensar que non coñeceron outra realidade. E o mesmo con quen está activo e se incorporou neste tempo ao ensino».

Pola súa banda, Ana Rodiño, docente de Lingua e membro da executiva nacional da CIG-Ensino comentou que ademais da vertente en positivo a campaña conta tamén cunha parte de denuncia. «Mediante un cartaz que leva por título «**15 anos de (Des)creto**» quixemos poñer de manifesto cal




15 anos de De(s)creto



AFUNDIMENTO NO USO DO GALEGO

Por primeira vez na historia, o galego xa non é a lingua máis falada en Galiza

- Fala sempre ou máis galego que español
- Fala sempre ou máis español que galego



eu ensino en galego

é o haber desta normativa no eido do ensino neste período. Para a CIG-Ensino o pouso que queda é que supuxo un total «descreto» para a nosa lingua –de aí o título–, desvalorizándoa, quitándolle prestixio e desterrándoa de moitas etapas educativas nas que nin sequera se mantén un status ritual, como en educación infantil nas cidades ou na Formación Profesional. Os datos están aí. O máis evidente é que por primeira vez na historia o galego é a lingua menos falada no noso país. Os datos do IGE sitúan a porcentaxe de galegofalantes nun 46% fronte a un 53% do castelán e no caso da poboación entre 5 e 14 anos as proporcións sitúanse en que apenas fala galego o 16% fronte ao 84% que se expresa só en castelán ou máis en castelán que en galego. A tendencia ao descenso é brutal dado que baixa a máis da metade con respecto a 2008 en que a porcentaxe de só galego ou máis galego era do 36% nesta franxa de idade. Así pois, isto demostra que «a escola actúa como un potente axente desgaleguizador e de novo hai que apuntar ao Decreto de Plurilingüismo. A prohibición de impartir Matemáticas, Física e Química e Tecnoloxía en galego e a falta de materiais didácticos e dunha aposta real pola galeguización en contornas nas que o estudantado é monolingüe en castelán están detrás destes datos», apuntou. Neste sentido, na campaña ponse de manifesto que o galego só se emprega nun 9% nas aulas de infantil das vilas e cidades con máis


15 anos de De(s)creto



NON PODEN USAR O QUE NON SABEN

Un de cada tres menores de 14 anos afirma non saber falar a nosa lingua

(O dobre que no ano 2008)



eu ensino en galego

de 50.000 habitantes e que, segundo o informe da RAG Prácticas lingüísticas na infancia, publicado no ano 2021 baixa o seu uso en todos os ámbitos (na escrita, como lingua das clases, cos compañeiros e compañeiras e na interacción oral co profesorado).

Neste sentido, as responsábeis do sindicato fixeron fincapé en que o problema está en que non se garante unha mínima competencia na nosa lingua «polo que é imposíbel que se use. De novo as cifras son claras. A enquisa do IGE indica que un de cada catro menores de 14 anos afirma non saber falar galego, o dobre que no ano 2008, polo que **só cunha implicación moi activa do profesorado, que ten que facer o que non fai a Xunta de Galiza, rescatar o galego da súa situación agónica e concienciar ao resto da comunidade educativa, se pode reverter esta situación**», destacaron.

«A porcentaxe de galegofalantes nun 46% fronte a un 53% do castelán e no caso da poboación entre 5 e 14 anos as proporcións sitúanse en que apenas fala galego o 16% fronte ao 84% que se expresa só en castelán ou máis en castelán que en galego»

Chamada á visibilización e á acción

A CIG-Ensino divulgará en conxunto a campaña «Eu ensino en galego» confrontada con esta realidade lingüística a través de infografías diferenciadas para simbolizar a forza que ten o compromiso docente. Así, as responsábeis da CIG-Ensino instaron ao profesorado a visibilizar o material da campaña nos centros, sobre todo as chapas e os colantes para que o alumnado poida saber do seu compromiso e chamar así a atención de toda a comunidade educativa e, por suposto, a empregar o galego en todos os contextos: na docencia, nas actividades extraescolares, nas titorías, na comunicación coa administración e coas familias, na elaboración de materiais e recursos didácticos... Esta visibilización tamén se debe dar no mundo dixital «no que hoxe tamén se move o noso alumnado e no que se desenvolve boa parte da actividade docente (aulas virtuais, comunicación por Abalar, Edixgal, FP a distancia...)»

«Esta campaña é unha ferramenta máis, como o é o Proxecto Lingüístico de Centro» –explicou Sofía Rama– «que ten que ser un recurso vivo e eficaz para a normalización partindo do contexto e das particularidades de cada colexio, instituto ou centro educativo, que sempre son diglósicas. A través de ferramentas como o Tratamento Integrado das Linguas neste documento ten que recollerse a decisión do centro de en que lingua se imparte cada materia propiciando as transferencias a partir da

«A proposta da CIG-Ensino recomenda que o galego sexa a lingua de acollida para o alumnado migrante e que se reforce o seu uso en contextos maioritariamente castelán falantes»



lingua minorizada, as medidas que se van poñer en marcha para que o alumnado adquira competencia nas dúas linguas cooficiais ao remate da etapa e o fomento da lingua galega dentro do funcionamento do centro. Ademais debe preverse que accións se van levar a cabo para que o alumnado que non teña suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se imparten. Neste aspecto, por exemplo, a proposta da CIG-Ensino, que recolle a visión de especialistas en sociolingüística aplicada ao ámbito educativo, recomenda que o galego sexa a lingua de acollida para o alumnado migrante e que se reforce o seu uso en contextos maioritariamente castelán falantes», sentenciou.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal